

## MESA SECTORIAL 22 DE MARZO DE 2022

### 1. Orde nomeamento direccións.

En primeiro lugar, e sabendo que non se pode modificar na Orde, xa que contradiría o Decreto 222/2022, queremos deixar constancia de que, dende CCOO, demandamos:

- Que debería ser o **Consello Escolar**, o máximo órgano no que esta representado a totalidade da comunidade educativa, **quen elixa a Dirección do centro educativo**.
- **A modificación do Decreto, mudando o criterio de esixir a formación como requisito previo á presentación de candidatura.**
- **A inclusión, como posibles aspirantes, de dous colectivos que non están contemplados:**
  - a) Aqueles docentes que están na situación de comisión de servizos noutra comunidade autónoma.
  - b) Os que están nunha praza do estranxeiro no seu último ano e reingresarán nun centro da Comunidade Autónoma.
- **A redución a 2 anos de experiencia no exercicio da dirección con avaliación positiva, en lugar de 4 anos, para obviar o requisito previo de formación.**
- **A duración por só un ano dos nomeamentos de carácter extraordinario, para así poder abrir a posibilidade de que se presenten novos candidatos o ano seguinte.**

En canto a artigos concretos da Orde, dende CCOO solicitamos:

- **Deben establecerse garantías para que o proxecto sexa accesible a toda a comunidade educativa e durante todo o horario de apertura do centro, asegurando a máxima difusión.**
- **Deben publicarse uns criterios de valoración do proxecto que constitúan unha verdadeira rúbrica de avaliación, para garantir a maior transparencia e obxectividade posible.**
- **A cualificación outorgada polos membros da comisión debe ser por escrito e secreta.**
- **En caso de nomeamento extraordinario, debe abrirse a posibilidade de elixir, ao cabo dun curso, a un novo director/a se nese momento houbera vontade de presentar algunha candidatura e o director nomeado expresara a vontade de non continuar no seu posto.**

A administración debera **arbitrar medidas para que se respete a opinión da comunidade educativa, e non se nomeara director a ningún que conte co rexeitamento dos representantes do centro escolar.**

En canto ao Baremo, dende CCOO esiximos:

- No apartado de méritos académicos debe incluírse o **Máster de Dirección** de forma específica.
- Na valoración de cursos de formación deberanse valorar tamén aqueles relacionados coa **prevención de riscos laborais**.

**No anexo dos Centros, dende CCOO consideramos que** deberán figurar aqueles nos se van a producir xubilacións forzosas de directores antes de rematar o curso, para evitar o nomeamento de direccións de carácter accidental e que os interesados puideran presentar proxecto de dirección.

**Para finalizar, queremos resaltar dúas cuestións que non recolle a Orde:**

- **Solución ás baixas prolongadas dos directores ou membros do equipo directivo.** Debe nomearse a outra persoa con carácter accidental é o nomeamento debe ter recoñecemento tanto a efectos económicos como administrativos.
- **Necesidade de incrementar o complemento económico dos membros dos equipos directivos** de acordo coa responsabilidade que teñen no exercicio das súas funcións que denote un maior recoñecemento da súa labor, **podendo ir acompañado doutras medidas como unha maior redución horaria.**

**A ADMINISTRACIÓN NON RESPONDE A NINGUNHA CUESTIÓN NIN APORTACIÓN.**

## **2. Concurso de traslados específico de equipos de orientación educativa (EOE)**

- Denunciamos a **insuficiente dotación de postos de orientación**. Demandamos o **incremento de EOE e o aumento de cadros de persoal existentes, xa que son insuficientes para atender as necesidades actuais.**
- Demandamos que se inclúan **os mestres de Audición e Linguaxe (AL) como persoal participante para prazas específicas de AL**, que entendemos deben saír como prazas vacantes nesta Orde dado que hai anos que nos se cubren por concurso específico. A figura de mestre de Audición e Linguaxe aparece recollida no artigo 5 do **Decreto 120/1998. REXEITADO.**
- **Reclamamos que se cubran as prazas de Traballo Social que recolle o Decreto 120/1998 na composición dos equipos.** Na actualidade, só un EOE conta con esta figura. Poderían cubrirse tanto con traballadores sociais como sobre todo con educadores sociais. **REXEITADO.**
- Solicitamos que os EOE se constitúan en **centros independentes e autónomos, e que se proceda á catalogación** dos postos de traballo, tal e como recolle o Decreto 120/1998.

- Solicitamos que se establezan **criterios de mobilidade** con anterioridade a esta convocatoria para que **os integrantes dos actuais EOE poidan trasladarse a outras localidades** sempre que o fagan dentro da mesma especialidade. **REXEITADO.**
- Demandamos que se inclúan como participantes **aos mestres e aos orientadores do corpo de mestres con titulación de psicoloxía ou pedagogía.** No primeiro caso, terían a mesma titulación, e, no segundo, terían, non só a mesma titulación, senón tamén a mesma experiencia que os orientadores do corpo de PES. Con iso, sería suficiente para garantir a calidade do servizo. **REXEITADO.**
- **Consideramos que debería incluírse o persoal que poida estar en centros do exterior** no seu último ano pendentes de reingreso nun centro da Comunidade Autónoma galega. **ACEPTAN.**
- **Solicitamos que se mantéña o requisito de experiencia de tres anos para optar a prazas relacionadas con orientación.** Non se entende moi ben o criterio de reducir a dous anos esa experiencia.
- **Exiximos a inclusión dunha rúbrica que facilite tanto a elaboración como a corrección obxectiva do proxecto.**
- Volve a incluírse na Orde (ao igual que a última que se convocou hai cinco anos) a posibilidade de que **as persoas participantes, cunha puntuación mínima no proxecto, poidan ser chamadas para unha praza que haxa que cubrir provisionalmente.** **Esperamos que esta vez se cumpra con este artigo,** xa que nos últimos anos non se cumpriu para cubrir varias prazas que foron dotadas de forma provisional. **ARGUMENTAN QUE SI O ESTÁN APLICANDO, PERO QUE OS POTENCIAIS CANDIDATOS/AS NON ACEPTAN.**

**En canto o anexo de prazas, solicitamos**

- **En A Coruña** serían necesarias, ademais das prazas convocadas, as seguintes: unha praza para **Audición e Linguaxe** e outra para **Traballo Social**, dado que están sen cubrir desde 2013 por mor de xubilación e traslado. **REXEITADO.**
- **En Ourense** están sen cubrir as prazas de **Orientación Profesional e de Traballo Social/Educación Social**, polo que **demandamos que se oferten.** **REXEITADO.**

**A CONSELLERÍA ARGUMENTA QUE ESTE PERFIL PROFESIONAL XA EXISTE NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS E QUE TRATARÁN DE INCORPORAR PRAZAS DOUTRAS ESPECIALIDADES QUE SE ENTENDEN MÁIS NECESARIAS PORQUE NON AS PODEN SUPLIR. ARGUMENTAN ALGO SEMELLANTE CO PERSOAL DE AL, QUE XA EXISTE ESTE PERFIL NOS PROPIOS CENTROS EDUCATIVOS.**

**En canto ao baremo, solicitamos**

- No apartado 1, deberase **incrementar a puntuación por impartición de actividades de formación** equilibrando así máis o baremo con respecto á formación recibida.

- No apartado 2, a puntuación por **actividades relacionadas co posto de traballo a desenvolver debера ser primada, na liña do que se fai no baremo para postos de escolarización preferente. ACEPTADO. AUMENTARÁN A PUNTUACIÓN NO APARTADO 2.1.**
- **Propomos dar maior puntuación e diferenciar as actividades que son impartidas das que son recibidas.** Poderíanse incluír no apartado 1 gradando e separando as actividades.
- No apartado 3, **deberíanse puntuar as publicacións relacionadas coa actividade que vai desenvolver e non calquera publicación.**
- No apartado 4, debe haber **diferenza de puntuación entre as titulacións relacionadas co posto de traballo e as que non o están, primando as primeiras sobre as segundas.**

**Se non se aceptan as propostas de baremo, os criterios de desempate establecidos na base 8.4 débense cambiar, priorizando o apartado 2 do baremo sobre o 1.**

### **3. Acordo do Consello da Xunta de Galicia sobre o complemento específico compensador**

- **Dende CCOO, rexeitamos as formas da Consellería neste tema. CCOO leva tempo demandando un complemento económico para todo o profesorado do corpo de PTFP a extinguir,** demanda esta na que coincidimos todas as organizacións sindicais. En lugar de tratarse este tema na Mesa Sectorial docente, o complemento chega aquí como un acordo xa tomado polo Consello da Xunta.
- **Debemos apuntar que a cantidade do complemento, que aparece no borrador, non se corresponde coa diferenza real do salario** dun docente do subgrupo A2 cun do A1; por tanto, debe corrixirse esta cantidade, axustándoa á diferenza real, que é de **174,33 € cada mes ordinario. Ademais, débese axustar tamén a diferenza dos trienios** (9,15 € por mensualidade de cada trienio e 1,13 € en cada trienio de paga extra).
- **Dende CCOO, valoramos positivamente esta iniciativa da Consellería,** mais a consideramos **insuficiente,** xa que é necesario que este complemento **tamén se estableza para o profesorado das dez especialidades que pasan ao corpo de profesorado especialista en sectores singulares do corpo de FP,** xa que sería un agravio ter salarios diferentes atendendo ao mesmo alumnado e coa mesma atribución docente.
- CCOO esiximos que **este complemento debe ser pagado con carácter retroactivo, dende o 19 de xaneiro de 2021.**
- Para finalizar, dende **CCOO demandamos que, ao profesorado interino e ao que estivo en prácticas, se lle teña en conta a retroactividade desde o 19 de xaneiro de 2021** ou desde a data na que comezou a prestar servizos, se é posterior a esta. **CCOO xa presentou recurso xudicial contra o Real decreto e contra a Orde en Galicia para dar cobertura a estes recursos.**

## **A CONSELLERÍA REXEITA TODAS AS PROPOSTAS PRESENTADAS.**

### **4. Concurso de Adjudicación de Destinos Provisionais (CADP)**

**Valoramos de forma positiva** que se traian á mesa os cambios na orde marco de CADP para adecualo ao proceso de equiparación de corpo de PTFP a PES e os futuros cambios no acordo de interinos. **Somos conscientes de que parte da Orde do 7 de xuño de 2018 debe ser modificada para adaptala a eses cambios, pero temos algunha aportación concreta, que aquí destacamos.**

- **Debería aparecer o corpo de Profesores Técnicos de FP na orde de adjudicación de corpos,** por seren funcionarios de carreira deste corpo que participan no CADP.
- **Solicitamos que os docentes que sexan destinados en Prácticas e Actividades teñan nomeamento por grupo A1,** xa que a totalidade de profesorado desta especialidade ou de Servizos a Comunidade ten titulación universitaria, ao igual que o profesorado que se equipara a A1. **ACEPTADO**
- Demandamos que a data de comunicación de **supresión e desprazamentos** sexa anterior ao **30 de xuño. COMPROMÉTENSE A QUE SE INFORME ANTES, SEMPRE QUE SEXA POSIBLE.**
- Exiximos que os **anos para renunciar ou restrinxir por ampliación de estudos non sexan obrigatoriamente consecutivos,** senón que poidan ser alternos. **ACEPTADO**
- Valoramos positivamente a modificación que vén no borrador sobre a orde de **comisións de saúde,** eliminando a **duración máxima de tres cursos académicos,** sempre que se manteñan as causas médicas e administrativas que xustifican a súa concesión.
- Valoramos tamén positivamente que se incorpore a **posibilidade de solicitar a especialidade de Taller de vidro e cerámica** para os profesores especialistas de sectores singulares da FP.

### **5. Orde acreditación competencia dixital docente.**

- **Consideramos que non se procedeu de forma axeitada na difusión ao profesorado,** enviando un correo aos docentes con anterioridade a ter unha Orde de acreditación negociada na mesa sectorial, e realizado o traballo de acreditación da formación de cada docente que figura no seu expediente persoal.
- Estamos de acordo en que se ten que establecer unha regulamentación para a acreditación da competencia dixital, pero deberá ser **concreta e obxectiva.** Non vemos neste borrador de Orde esa obxectividade e concreción que demandamos. Porén, **resulta ambigua, confusa e pouca concreta.**

- Desde CCOO queremos que se nos clarifique cal é a **finalidade da acreditación da competencia dixital docente**. É dicir, como se pretende proceder unha vez feita esa acreditación de competencias? En que sentido se vai ter en conta? Vai ser un mérito para determinadas prazas, un requisito exigible a todo o profesorado? No que respecta a que se converta en requisito exigible para determinadas prazas, tal e como manifestou algunha CCAA, CCOO manifesta a súa oposición á posibilidade de que existan prazas diferenciadas nos centros, tal e como ocorre coas prazas bilingües. **ARGUMENTAN QUE A FINALIDADE FUNDAMENTAL É MELLORAR A FORMACIÓN DO PROFESORADO E A SÚA ACTIVIDADE PROFESIONAL. QUEDARÍA PENDENTE DE CONCRETAR A FINALIDADE CONCRETA QUE SE PERSEGUE, ASÍ COMO DESENVOLVER A PARTE QUE CORRESPONDE AO MINISTERIO SOBRE ESTE MESMO TEMA.**
- **Demandamos que se nos aclare o artigo 5:** Como se entende iso de que vaia haber un número de prazas máximo para acreditar competencias? Cales van ser os criterios para determinar que unha persoa poida presentarse a unha convocatoria de acreditación ou que teña que esperar a unha nova convocatoria? Que dotación orzamentaria ou de recursos persoais van ter esas convocatorias de certificación? Con que antelación se van convocar eses procedementos de acreditación? **ARGUMENTAN QUE A PROBA Á QUE FAI REFERENCIA SERÁ UNHA PROBA ESTANDARIZADA POLO MINISTERIO DE EDUCACIÓN.**
- **No Artigo 6, solicitamos que se nos clarifique se** haberá procedemento de reclamación ante un resultado desfavorable no procedemento de acreditación de competencias? Quen resolverá esas reclamacións?
- **No Artigo 9 xorden máis interrogantes:** Que persoas van ser as designadas para realizar eses procedementos de avaliación? Especialmente o procedemento de avaliación a través da observación do desempeño. Que formación van ter? Quen as vai determinar? Que procedemento de reclamación haberá? **ARGUMENTAN QUE SERÁN “DOCENTES EXPERTOS” EN COMPETENCIA DIXITAL.**
- **En definitiva, trátase dun borrador que deixa moitos máis interrogantes que certezas, e que denota un procedemento confuso, ambiguo e tremendamente tremendamente subxectivo.**

**ACLARAN QUE A FORMACIÓN PROPIA DA CONSELLERÍA A ESTÁN CORRELACIONANDO COAS COMPETENCIAS DIXITAIS. ADEMAIS, VAN PROCEDER A SOLICITAR ÁS ENTIDADES QUE IMPARTEN FORMACIÓN HOMOLOGADA (POR EXEMPLO, SINDICATOS) QUE FAGAN ESE MESMO TRABALLO DE CORRELACIÓN PARA OS SEUS CURSOS.**

**ASÍ MESMO, DEIXAN CLARO QUE O COMPROMISO FIXADO PARA 2024 É UN COMPROMISO DA ADMINISTRACIÓN DE TER ACREDITADO A UNHA CERTA PORCENTAXE DE DOCENTES QUE SUPEREN UN NIVEL DETERMINADO DE COMPETENCIA DIXITAL.**

## 6. Rogos e preguntas

- Tras os niveis elevados de radón rexistrados nalgún centro da comunidade, CCOO solicitou formalmente, mediante escrito dirixido a Dirección Xeral de Centros e Recursos humanos, a **convocatoria inmediata do Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral**, para tratar este e outros temas sobre a saúde laboral dos traballadores/as de ensino. **Reiteramos a solicitude. TEÑEN A PRETENSIÓN DE CONVOCALO EN BREVE.**
- Solicitamos que se clarifique se a Dirección Xeral ten intención de convocar **concurso de Atención Preferente. NON VAN A CONVOCALO ESTE CURSO**
- Instamos a que a Consellería clarifique como se vai a artellar, dende o 1 de abril, a **achega de partes de baixa por parte do/a traballador/a. ESTÁN ESPERANDO. A PRETENSIÓN É FACER UNHA INSTRUCIÓN PROVISIONAL, QUE AS PERSOAS TEÑAN QUE ENVIAR O CENTRO O MESMO QUE ENVÍAN AGORA, PERO SEN O PARTE. HAI ALGUNHA POSIBILIDADE DE QUE TEÑAN CAPACIDADE DE INFORMAR DIRECTAMENTE SEN QUE AS PERSOAS FAGAN NADA. ESTÁN PENDENTES DA POSIBILIDADE DE QUE O CIXTEC FAGA UNHA INSTRUCIÓN PROPIA.**
- **Solicitamos que se modifique a orde de conciliación familiar para equiparala aos recentes cambios do acordo de interinos**, e que desta forma se poida solicitar comisión de conciliación familiar ata os seis anos de idade dun fillo/a.
- Solicitamos información sobre a data na que pretende a Administración publicar os **gastos de funcionamentos dos centros educativos** e cando pretenden facer o **ingreso das partidas correspondentes. PAGARASE AO LONGO DESTE MES.**
- Ante os problemas de coordinación nalgúns centros entre os departamentos de Orientación e os docentes destinados nas **UACO**, **solicitamos que se definan as competencias destes últimos con respecto aos departamentos de orientación, así como un protocolo a seguir en canto á tramitación da documentación**, para dar cumprimento á lei de protección de datos. **TRASLADARASE Á DIRECCIÓN XERAL CORRESPONDENTE.**
- **Demandamos que o concurso de méritos se publique canto antes. SE É POSIBLE, OS BAREMOS PROVISIONAIS DO CONCURSO DE ESTABILIZACIÓN DE MÉRITOS SAIRÁN A SEGUNDA SEMANA DE ABRIL.**

